

BASES LEGAIS DA PARTICIPACIÓN NO SORTEO

1.- ORGANIZACIÓN DA PROMOCIÓN

A Asociación Veciñal de Meirama con domicilio en **A Picota Meirama 23, Cerceda, CP: 15188 A Coruña**, CIF G44987436 e correo electrónico **avmeirama@gmail.com**, organiza con fins benéficos o sorteo (en diante, “o Sorteo”) de ámbito autonómico, a desenvolvemento a través da venda de papeletas para persoas maiores de idade dacordo co disposto no apartado de condicións para participar.

2.-PROMOCIÓN

Número de papeletas: 1000

As papeletas están numeradas dende o 000 ata o 999

Doazón por papeleta: 5€

3.-PREMIO

O premio consistirá nunha estancia dunha fin de semana (2 noites) na casa de uso turístico “Molino de Cerceda”, que está ubicada no Lugar de Pedamúa, na parroquia de Meirama (Cerceda) (valorado en 500€). A casa é un antigo muíño restaurado de máis de 200 anos, construído sobre o cauce do río Anllóns. Dispón dunha finca de 7300 m² con todo tipo de árbores, zonas de céspede, camiños, pradeiras e o río. A casa dispón de dúas plantas con 4 habitacións e 5 baños, cociña, sala de estar e comedor.

4.-CONDICIÓNs PARA PARTICIPAR

É importante sinalar que a participación no Sorteo supón a aceptación incondicional e o respecto do disposto nas presentes Bases Legais.

Os requisitos de participación serán os seguintes

- Poderán participar aquelas persoas que sexan maiores de 18 anos e adquiren polo menos unha participación.
- A persoa gañadora do Sorteo deberá proporcionar os seus datos personais e de contacto para a aceptación do premio e estes datos deberán ser veraces.

O Sorteo iniciárase o día **01/06/2023** e rematará o día **1/09/2023** de 2023

5.-COMUNICACIÓN GAÑADORES

O gañador será a persoa que posúa a papeleta cuxa terminación coincida cos tres últimos números do CUPONAZO da ONCE do día **1/09/2023**.

O gañador poderá contactar coa Asociación durante o prazo de 15 días a contar dende a data na que se anuncie nos medios de comunicación utilizados pola Asociación Veciñal de Meirama escribindo ao seguinte correo: avmeirama@gmail.com. No caso de que no prazo estipulado non se realizase tal contacto procederase a asignar outro gañador, que será o número inmediatamente posterior, e novamente o primeiro suplente disporá de 15 días para solicitar o premio, e así sucesivamente. No caso de que no prazo estipulado non apareza unha persoa gañadora, declararase gañador/a a persoa que teña o número posterior o premiado no sorteo da ONCE do 01/09/2023 de 2023. No caso de seguir sen aparecer unha persoa gañadora designarase gañador/a o número seguinte e así sucesivamente ata que apareza un gañador.

A celebración do sorteo, así como a concesión do premio quedan suxeitos á normativa fiscal en vigor.

6.-ENTREGA DE PREMIOS

Se o gañador non reclama o premio no prazo de 15 días naturais dende a súa comunicación nas redes da Asociación o premio outorgarase ao primeiro suplente, quen disporá de 15 días naturais para comunicarse co organizador, en caso contrario outorgarase o premio ao segundo suplente.

7.-OBRIGAS DO PREMIADO

O premiado deberá facilitar os seus datos persoais así coma dirección e teléfono de contacto para poder recibir o premio. Deberá ademáis acordar coa propiedade do Muíño a data para o desfrute da fin de semana sempre a través dos correos das Asociacións: avvasencrobasviva@gmail.com avmeirama@gmail.com.

No caso de que non poida facer uso do premio na data acordada solicitamos que cancele polo menos cunha semana de antelación. Se nos notifica a súa necesidade de cancelar en tempo poderemos concretar unha nova data para o desfrute do premio, en caso de que non cancele a súa reserva perderá o dereito ao desfrute do premio nunha nova data. Deberanse respectar as normas propias da casa, que se poderán consultar na páxina web <https://molinodcerceda.com/normas>

8.- LIMITACIÓNS

Se é evidente que algún dos participantes non cumpre os requisitos esixidos nas Bases Legais, ou que os datos proporcionados non fosen válidos, a súa participación será considerada nula e quedarán excluídos do Sorteo, perdendo deste xeito o dereito sobre o premio obxecto deste Sorteo.

O premio non será transferible nin susceptible de cambios ou compensacións a petición dos participantes non podendo ser canxeado nin por outro produto nin por diñeiro.

Calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación do premio puidera supoñer deberá ser a conta e cargo do gañador, así coma calquera outro gasto derivado do Sorteo que non esté expresamente asumido polo organizador do mesmo nas presentes Bases.

Establécese un prazo de quince días naturais dende a data da concesión do premio para calquera reclamación. A Asociación resérvase, en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír o premio por outro de similares características.

A Asociación resérvase o dereito de cambiar, suspender ou ampliar este Sorteo se procedese por xusta causa e previa comunicación legal.

8.-ACEPTACIÓN DAS BASES

Os participantes polo mero feito de participar na presente promoción, aceptan as bases e o criterio da Asociación de Veciños de Meirama en canto a resolución de calquera cuestión derivada da presente promoción. Calquera modificación das bases será comunicada á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

7.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A Asociación non se responsabiliza das posibles perdas, roubos, retrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento do presente Sorteo, así como tampouco se responsabiliza do uso que o gañador faga respecto ao premio, e non asume responsabilidade algunha por dano ou prexuízo de calquera tipo que puideran sufrir os participantes, gañador ou terceiros.

Non asumimos a responsabilidade nos casos de forza maior ou caso fortuíto que puidese impedir a realización da promoción ou o goce total ou parcial do premio. No caso de que este Sorteo non puidese levarse a cabo, xa sexa por fraude detectada nel, erros técnicos, ou por calquera outra causa que non estea baixo o control da Asociación e que afecte ao normal desenvolvemento do Sorteo, resérvase o dereito a cancelalo, modificalo ou suspendelo.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONALEIS

A asociación responsable do tratamento dos seus datos é a Asociación Veciñal de Meirama, con domicilio en **A Picota Meirama 23, Cerceda, CP: 15188 A Coruña** e CIF G44987436. A Asociación tómase moi en serio a protección da privacidade e datos persoais e polo tanto estes serán conservados de forma segura e tratados co máximo coidado.

De conformidade co disposto na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas en materia de tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, o gañador, coa aceptación destas Bases Xurídicas, consente que os datos persoais facilitados para a súa participación neste concurso sexan incorporados a un ficheiro propiedade da Asociación Veciñal de Meirama para tramitar o desfrute do seu premio.

O gañador garante que os datos persoais facilitados son certos e son responsables de comunicar a Asociación calquera modificación dos mesmos. A promotora do Sorteo resérvase o dereito de excluír desta promoción a calquera participante que proporcionase información falsa. Recoméndase ter a máxima dilixencia en materia de Protección de Datos mediante o uso de ferramentas de

seguridade, non podendo responsabilizar a Asociación Veciñal de Meirama do roubo, modificación ou perda ilegal de datos.

En calquer momento os participantes terán dereito de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición os seus datos no seguinte enderezo electrónico avmeirama@gmail.com ou por correo ordinario a A Picota Meirama 23, 15.188 Cerceda A Coruña.

CESIÓN DE DEREITOS

O gañador do Sorteo acepta e autoriza que se poida facer mención do seu nome e premio así coma a publicación (no seu caso) de fotografías ou vídeos nas canles de comunicación habituais da Asociación Veciñal de Meirama (Whatsapp / Instagram /)

10.- CAMBIOS

Reservámonos o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida en que non prexudique os dereitos dos participantes no Sorteo.

11.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 14/85, do 23 de Outubro
- Decreto 166/86, do 4 de xuño.